



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Padrón SAF febreiro 2026

Por resolución da Alcaldía de data 16 de abril de 2026, adoptouse o acordo de aprobar o padrón de cobro do prezo público pola prestación do servizo do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de febreiro do ano 2026.

O referido padrón queda exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. A presente publicación servirá de notificación colectiva conforme ao establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra o acordo mencionado, os interesados poderán interpoñer, ante a Alcaldía, o recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo do artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora das Facendas Locais, nos termos previstos no referido artigo.

O período de pago en vía voluntaria remata o 16 de xuño de 2026. Transcorrido este prazo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

Mañón, 17 de abril de 2026

O ALCALDE

Alfredo Dovale Pedreira

2026/2447